

A TOMA DA CREBA

Xesús Pereiras López

«A illa é de todos», esta pintada recibe aos viaxeiros que se acheguen á recollida enseada de Esteiro, no Concello de Muros. A citada illa, que non é de todos, chama-se A Creba, e é todo un paradigma do que está a ocorrer na conservación da natureza e na ordenación do territorio neste país. Se ben o seu valor ecolóxico é limitado: o mesmo que outros illotes das rias debeu ter importancia para as vaes e os recursos piscícolas, pero supón ante todo un anaco de litoral inalterado nunha zona onde cada vez é máis difícil atopá-los, ao que hai que engadir un alto valor estético e as posibilidades que ofrece como, lugar destinado ao lecer da poboación.

Aqui só houbo en tempos unha pequena capela, no extenso ervazal que é a illa; no curuto, unha fonte e algunha árbore querenciosa da água e, na encosta que mira cara ao interior da ria, o espazo



arborado que aínda hoxe se conserva. Na actualidade, todo aparece deturpado, no cume da illa unha enorme mansión pétreo e varios cubertos, o contorno da illa foi rodeado por unha pista, cun fin difícil de adiviñar, e un lateral foi totalmente

esnaquizado con barrenos, coa intención de realizar unha explanada, un peirao e un dique de protección.

Pero vaíamos polo miúdo e xustificuemos o carácter paradigmático que lle outorgabamos ao principio do artigo a esta pequena illa. E é que aquí ocorreron, concentrados nun pequeno espazo isolado, moitos dos despropósitos que de forma dispersa están a suceder por todo o litoral galáico, a saber:

Unha illa que era de dominio público, aínda que unha familia de Outes tiña unha concesión do Arciprestado de Entins para usar os seus pasteiros, pasa de forma extraña ao dominio particular dun empresario compostelán afincado en Canarias. Empresario que, noutra casa que se está a facer na parroquia de Tal (tamén en Muros), invadiu os rochedos da costa, coutando a zona de paso dos veciños, quen, non esperando as lentas resolucións xudiciais, llo tiraron, obrigando-lle a recuar nas súas intencións apropiatorias. Pero voltemos á Creba.

O novo propietario obtén un permiso para instalar no dominio público marítimo, confundante coa illa, unha piscifactoria, sen que a Consellería de Pesca informara previamente nen ao Concello nen a Confraría de Pescadores, como prescribese a Lei de Ordenación Marisqueira.

Posteriormente, prohibe-se a entrada á illa, poñendo cans de vixilancia, cando, segun a Lei de Costas, o acceso á franxa litoral debe ser libre.

Por outra banda, o Concello de Outes concede licéncia de obras para construír na illa, sendo que esta pertence ao Concello de Muros, estando, ademais, en solo non urbanizábel.

Na Creba constrúese unha casa e destrúese parte do seu contorno, como dixemos antes, infringindo a Lei de Costas. Curiosamente a Demarcación de Costas submete a período de alegacións a solicitude de obra, cando a desfeita xa está realizada.

E, por se fora pouco, segun as Normas Subsidiárias de Planeamento da Comunidade Autónoma, A Creba figura como espazo natural protexido e, polo tanto, non urbanizábel.

É difícil atopar tantos desmandos en tan pouco espazo, sobretudo se temos en conta que na mesma vila de Esteiro ten unha vivenda un alto cargo da COTOP.

cos kilómetros de Muros atopa-se a lagoa e monte Louro, un conxunto que figura en varios inventarios de espazos de intereses ecolóxico, hoxe nun estado de deterioro lamentábel producido polos numerosos incendios, vertederos incontrolados de lixo e construción nas praias próximas que vulneran claramente a lexislación vixente. E así poderíamos continuar cun rosario de infraccións e destrucións desde a foz do Miño até a do Eo.



Cando íamos na barca, para tomarmos pacificamente a illa, a xente comentaba que a ocupación por particulares de terreos e espazos públicos foi e segue a ser unha constante nesta costa, nós mesmos podemos comprobar como un señor incrementa as súas propiedades a base de rechear o esteiro do río Maior. Pero o problema estende-se por todo o litoral galego. Sen ir máis lonxe, a pou-

Por esta razón, no mes de maio do ano pasado, desembarcámos na Creba cos veciños da ria Muros-Noia, non só para reclamarmos a devolución dun espazo público, senón para que sempre se exixan responsabilidades a quen destrua un patrimonio de todos e a quen permita que se infrinja a lei tan descaradamente. ■■■■■